

COMISIÓN INFORMATIVA DE RETO DEMOGRÁFICO, IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **20 de outubro de 2022**

Ás 17.00 horas do día 20 de outubro de 2022, reúnese a Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Luz Doporto Real

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. César Manuel Fernández Gil

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D.^a Margarita Pérez Fernández

D. Álvaro Vila Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 22 DE SETEMBRO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 22 de setembro de 2022.

Non se producen intervencións e por maioría a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego do día 22 de setembro de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

A **Sra. Presidenta** da Comisión di que na anterior comisión don Bernardo Varela do BNG pediu a relación de nacementos por concellos do plan de natalidade. Está pendente de enviar e mañá o terá no seu correo. Se pasará a tódolos grupos.

Dona Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, di que coñece que hai unha enquisa en marcha polo segundo plan de igualdade, e queren saber se xa rematou o cuestionario e se xa está rematada a valoración do anterior plan de igualdade xa que non está na páxina web, que non está actualizado e no que figura aínda Montse Lama como deputada responsable de dito plan.

A **Sra. Presidenta** responde que a enquisa está aberta, temos renitencia por parte dos traballadores a contestar, incluso se fixeron uns carteis para que sexan máis participativa. A valoración do Plan anterior está aprobada e pasouse a Comisión e na seguinte o falaremos e o subiremos. E certo que a páxina web non está actualizada, e estamos a espera de reordenación da páxina. E se subirá iso e o protocolo para que sexa accesible para todo o mundo, pedirá que se suba.

Dona Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, pregunta sobre a aplicación vou contigo.

A **Sra. Presidenta** responde que xa se pode descargar, que xa está en funcionamento. Estaban esperando para presentala. Esta en período de probas, non está dando problemas e se hai algún poden chamar a área de transparencia, ao xefe de informática que lle dará indicacións. Estamos preparando unha presentación dinámica con instrucións aínda que é moi intuitiva, e porán a data xa que ten importancia para a cidadanía xa que cada día hai máis problemas. E unha aplicación moi importante que vai axudar moito.

Dona Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, pregunta pola programación que está contemplada para o vindeiro 25 de novembro.

A **Sra. Presidenta** responde que aínda non está pechada, teñen que reunirse na comisión de igualdade, cando a teñan pechada a coñecerán.

Dona Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, pregunta como responsable de igualdade polos criterios para contratar unha modelo muller para ser imaxen do turismo termal de Ourense.

A **Sra. Presidenta** responde que o descoñece que se informará, non lle chegou nada.

D. Alvaro Vila Araujo do Grupo Socialista fai un rogo porque os concellos do rural teñen moitos problemas de demografía, e a Deputación está orientada a dar cooperación aos concellos de menos de 20.000 habitantes, e atopámonos agora que o Concello de Ourense sacou unha campaña para dar uns bonos de 100 euros ás persoas que se empadroen na cidade de Ourense, con todo o que iso leva consigo de competencia desleal, no sentido de que o poder económico non é o mesmo o da capital da provincia que da área metropolitana e dos concellos do rural, e a Deputación ten que ter en conta isto á hora de cooperar ou non coa capital que ten un poder económico enorme e sen embargo ten que buscar uns artificios para reforzar o empadramento no Concello de Ourense. Cre que é unha competencia que se lles está facendo aos concellos do rural e a área metropolitana que non ten sentido e por iso fai este rogo para que quede constancia do rexeitamento do Partido Socialista a estas artimañas.

Don Armando Ojea Bouzo, de DO, intervén para aclarar que a campaña é de 100 euros para quen estea empadroado, non para quen se empregue. Tamén quere dicir que moita xente empadroadada nos concellos do rural está vivindo en Ourense e estase servindo dos servizos do Concello de Ourense.

D. Alvaro Vila Araujo do Grupo Socialista, intervén para dicir que uns dos requisitos que se esixen para empadroarse no rural é ter vivenda.

E, ás 17.12 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

